



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS PARA A REALIZACIÓN DO XIV CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa **Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31/07/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Cultura, e mais a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) para a organización do XIV Congreso Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar do 17 ao 20 de abril de 2024 en Braga (Portugal), baixo o título "Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía".

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten atribuídas as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

Que a AIEG é unha entidade de ámbito estatal sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten como obxectivo primordial a promoción e difusión do saber científico de temática galega tanto dentro como fóra de Galicia.

Que as partes son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e sobre o fomento da cultura galega, así como da responsabilidade que nestas materias teñen todas as entidades e institucións. Conforme a isto, as partes colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nos diferentes eidos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

